



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL, LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA, EL MINISTERIO FISCAL, EL COLEGIO DE ABOGADOS DE PONTEVEDRA Y EL COLEGIO OFICIAL DE PSICOLOGÍA DE GALICIA, PARA EL DESARROLLO DEL PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAJUDICIAL PARA EL AÑO 2019 EN PONTEVEDRA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, O MINISTERIO FISCAL, O COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL PARA O ANO 2019 EN PONTEVEDRA

Madrid, 16 *septiembre* de 2019

REUNIDOS

- D. Carlos Lesmes Serrano, presidente del Tribunal Supremo y del Consejo General del Poder Judicial, según el Acuerdo (núm. 2) del Pleno del Consejo General del Poder Judicial de 9 de diciembre de 2013 y el Real decreto 979/2013, de 10 de diciembre.

- D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente y conselleiro de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, actuando en nombre y representación de la Xunta de Galicia, en virtud del Decreto 148/2016, de 13 de noviembre, por el que se nombran los titulares de los departamentos de la Xunta de Galicia, y en el ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia.

- D. Fernando Suanzes Pérez, fiscal superior de la Comunidad Autónoma de Galicia, actuando en representación del Ministerio Fiscal, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 11, apartado tercero, del Estatuto orgánico del Ministerio Fiscal.

- D. Ramón Jáudenes López de Castro, decano del Ilustre Colegio de Abogados de Pontevedra, actuando

REUNIDOS

- D. Carlos Lesmes Serrano, presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, segundo o Acordo (núm. 2) do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 9 de decembro de 2013 e o Real decreto 979/2013, do 10 de decembro.

- D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

- D. Fernando Suanzes Pérez, fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, actuando en representación do Ministerio Fiscal, de conformidade co disposto no artigo 11, apartado terceiro, do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

- D. Ramón Jáudenes López de Castro, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, actuando en





Consejo General del
Poder Judicial



XUNTA DE GALICIA



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



en nombre y representación de este.

nome e representación deste.

- Y Dña. **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana del Colegio Oficial de Psicología de Galicia, registrado con el número 13 en el Registro Oficial de Colegios Profesionales de la Comunidad Autónoma de Galicia, creado por el Decreto 161/1997, de 5 de junio.

- E Dña. **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistrado co número 13 no Rexistro Oficial de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

Las partes, en el nombre y representación en que concurren, y con la capacidad legal para este acto,

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPONEN:

EXPOÑEN:

Primero. El Consejo General del Poder Judicial, de conformidad con el artículo 104 y siguientes de la Ley orgánica 6/1985, de 1 de julio, del poder judicial, es el órgano de gobierno del poder judicial, ejerce sus competencias en todo el territorio nacional y su presidente ostenta la representación del poder judicial y del mismo Consejo.

Segundo. A la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia corresponden, entre otras, las competencias en materia de impulso, implantación y desarrollo de programas y actuaciones de desjudicialización de conflictos y de promoción de la mediación, especialmente en el ámbito de menores y familia, tal y como establece el Decreto 74/2018, de 5 de julio, por el que se establece la estructura orgánica de la Vicepresidencia y de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia.

Tercero. De acuerdo con el apartado tercero del artículo 11 de la Ley 50/1981, de 30 de diciembre, por la que se regula el Estatuto orgánico del Ministerio Fiscal, modificada por la Ley 24/2007, de 9 de octubre, se podrán celebrar convenios con las comunidades autónomas tras autorización del fiscal general del

Primeiro. O Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte o artigo 104 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, é o órgano de goberno do poder xudicial, exerce as súas competencias en todo o territorio nacional e o seu presidente porta a representación do poder xudicial e do mesmo Consello.

Segundo. Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Terceiro. De acordo co apartado terceiro do artigo 11 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, modificada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, poderanse asinar convenios coas comunidades autónomas tras autorización do fiscal xeral do Estado.



Xacobeo 2021



Consejo General del
Poder Judicial



XUNTA DE GALICIA



FISCALÍA GENERAL

DEL ESTADO



Estado.

Cuarto. El Colegio de Abogados de Pontevedra es una corporación de Derecho público amparada por la ley y reconocida por el Estado, con personalidad jurídica propia y plena capacidad para el cumplimiento de sus fines, entre los que destacan la ordenación del ejercicio de la profesión y la formación profesional permanente de los abogados, así como la colaboración en el funcionamiento, promoción y mejora de la Administración de justicia.

Quinto. El Colegio Oficial de Psicología de Galicia es una corporación de Derecho público amparada por la ley y reconocida por el Estado, que tiene como competencias propias el ordenamiento del ejercicio de la profesión de psicólogo/a en todas sus formas y especialidades, su representación exclusiva, la defensa de los intereses profesionales de las personas colegiadas y la vigilancia del ejercicio de la profesión, facilitando el conocimiento y cumplimiento de todo tipo de disposiciones legales que afecten a la profesión de psicólogo/a y haciendo cumplir la ética profesional y las normas deontológicas del/de la psicólogo/a, así como velar por el adecuado nivel de calidad de las prestaciones profesionales de las personas colegiadas.

Sexto. Las partes coinciden en la necesidad de difundir la mediación familiar como una técnica de resolución de conflictos, y más concretamente como un proceso en el que la pareja acepta la intervención neutral y cualificada de una tercera persona (el mediador familiar), que tratará de que hallen por sí mismos un acuerdo duradero y mutuamente aceptable considerando las necesidades de cada miembro de la familia, y especialmente las de los niños, dentro de un espíritu de responsabilidad compartida y de igualdad de los progenitores.

La mediación como procedimiento puede dar

Cuarto. O Colexio de Avogados de Pontevedra é unha corporación de Dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, entre os que destacan a ordenación do exercicio da profesión e a formación profesional permanente dos avogados, así como a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza.

Quinto. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é unha corporación de Dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, que ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva, a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas e a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do/a psicólogo/a, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas.

Sexto. As partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos, e máis concretamente como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o mediador familiar), que tratará de que atopen por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable considerando as necesidades de cada membro da familia, e especialmente as dos nenos, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

A mediación como procedemento pode dar solución



Xacobeo 2021





solución extrajudicial de un modo rápido y económico a los conflictos mediante procedimientos adaptados a las partes. En esta línea se describe en la Directiva 2008/52/CE del Parlamento Europeo y del Consejo de la Unión Europea, que en su artículo 3 la define como un procedimiento estructurado, sea cual sea su nombre y denominación, en el que dos o más partes en conflicto intentan voluntariamente alcanzar por sí mismas un acuerdo sobre la resolución de su litigio con la ayuda de un mediador, procedimiento que puede ser iniciado por las partes, sugerido u ordenado por un órgano jurisdiccional o prescrito por el Derecho de un Estado miembro.

En este sentido, se considera que la mediación intrajudicial (aquella que se lleva a cabo cuando el proceso judicial ya está iniciado) resultaría ser una metodología adecuada y válida para resolver un porcentaje significativo de procesos judiciales, sobre todo en aquellos casos en que las dos partes deberán continuar relacionándose en el futuro por tener intereses comunes, lo que se adapta perfectamente a los casos de los procesos de ruptura familiar con hijos menores.

Séptimo. Las administraciones públicas pueden formalizar convenios de colaboración con otras entidades públicas y con personas jurídicas sujetas al Derecho privado, al amparo de lo dispuesto en el artículo 48 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público, y en el Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia, de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con otros entes públicos y de colaboración con particulares, hecho público por Resolución de la Consellería de Economía y Hacienda de 8 de abril de 1991.

Octavo. En fecha 27 de abril de 2015 el Consejo General del Poder Judicial y la Xunta de Galicia firmaron un convenio marco de colaboración para el impulso de

extrajudicial dun xeito rápido e económico aos conflitos mediante procedementos adaptados ás partes. Nesta liña se describe na Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, que no seu artigo 3 a define como un procedemento estruturado, sexa cal sexa o seu nome e denominación, no que dúas ou máis partes en conflito tentan voluntariamente acadar por si mesmas un acordo sobre a resolución do seu litixio coa axuda dun mediador, procedemento que pode ser iniciado polas partes, suxerido ou ordenado por un órgano xurisdiccional ou prescrito polo Dereito dun Estado membro.

Neste senso, considérase que a mediación intraxudicial (aquella que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos en que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por teren intereses comúns, o que se adapta perfectamente aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos menores.

Sétimo. As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Oitavo. Na data do 27 de abril de 2015 o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia asinaron un convenio marco de colaboración para o impulso de





la mediación y de otras formas pacíficas de resolución de conflictos como fórmula alternativa y/o complementaria al proceso judicial, apostando por un modelo de Administración de justicia que incorpore plenamente la mediación, o cualquier otro sistema de resolución pacífica de conflictos, como alternativa o complemento al proceso judicial, con el fin de procurar una gestión más eficaz, rápida y satisfactoria del mismo y de garantizar el acceso a la justicia, entendido como un derecho fundamental. El convenio marco fue renovado el 27 de abril 2017 y el 27 de abril de 2019.

El citado convenio marco establece la creación de mecanismos de comunicación entre ambas instituciones que permitan un intercambio fluido de información y faciliten un adecuado conocimiento de los recursos de los que dispone cada parte y de su funcionamiento, agilizando además su gestión, con la finalidad de mejorar el aprovechamiento tanto de los servicios judiciales como de los de mediación y restantes instrumentos de resolución pacífica de conflictos, contribuyendo a una mayor difusión y sensibilización social.

Noveno. En fecha 25 de mayo de 2016 el Consejo General del Poder Judicial y la Fiscalía General del Estado firmaron un acuerdo de colaboración para la promoción de la mediación, por entender ambas instituciones que la Administración de justicia debe incorporar plenamente la mediación, y cualquier otro sistema de resolución pacífica de conflictos, como alternativa o como complemento al proceso judicial, con el fin de procurar una gestión más eficaz, rápida y satisfactoria del mismo y de garantizar el acceso a la justicia, entendida como derecho fundamental.

Este acuerdo de colaboración considera imprescindible la creación de mecanismos de comunicación entre todas las instituciones que permitan un intercambio fluido de información y

mediación e doutras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e/ou complementaria ao proceso xudicial, apostando por un modelo de Administración de xustiza que incorpore plenamente a mediación, ou calquera outro sistema de resolución pacífica de conflitos, como alternativa ou complemento ao proceso xudicial, co fin de procurar unha xestión máis eficaz, rápida e satisfactoria do mesmo e de garantir o acceso á xustiza, entendido como un dereito fundamental. O convenio marco foi renovado o 27 de abril de 2017 e o 27 de abril de 2019.

O citado convenio marco establece a creación de mecanismos de comunicación entre ambas as institucións que permitan un intercambio fluído de información e faciliten un axeitado coñecemento dos recursos dos que dispón cada parte e do seu funcionamento, axilizando ademais a súa xestión, coa finalidade de mellorar o aproveitamento tanto dos servizos xudiciais coma dos de mediación e restantes instrumentos de resolución pacífica de conflitos, contribuíndo a unha maior difusión e sensibilización social.

Noveno. Na data do 25 de maio de 2016 o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado asinaron un acordo de colaboración para a promoción da mediación, por entenderen ambas as institucións que a Administración de xustiza debe incorporar plenamente a mediación, e calquera outro sistema de resolución pacífica de conflitos, como alternativa ou como complemento ao proceso xudicial, co fin de procurar unha xestión máis eficaz, rápida e satisfactoria do mesmo e de garantir o acceso á xustiza, entendida como dereito fundamental.

Este acordo de colaboración considera imprescindible a creación de mecanismos de comunicación entre todas as institucións que permitan un intercambio fluído de información e faciliten un axeitado coñecemento dos





Consejo General del
Poder Judicial



XUNTA DE GALICIA



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



faciliten un adecuado conocimiento de los recursos de los que dispone cada parte y de su funcionamiento, agilizando además su gestión. Todo ello redunda en un mejor aprovechamiento tanto de los servicios judiciales como de los de las fiscalías en relación con la mediación y con los restantes instrumentos de resolución pacífica de conflictos, contribuyendo a una mayor difusión y a su más amplio conocimiento por parte de la ciudadanía.

Décimo. Para dotar de la mayor eficacia el proceso de mediación, se considera que se debe constituir un equipo multidisciplinar de mediación en el que se integren, por una parte, juristas que expliquen a las partes la legislación aplicable a su relación y, al mismo tiempo, las necesidades y particularidades del proceso, orientándolas para llegar a un acuerdo que pueda ser validado dentro del proceso civil al que se deberán enfrentar; y, por otra parte, psicólogos que puedan resolver los problemas de acercamiento y enfoque de las partes en conflicto, con vistas a alcanzar el clima necesario para la negociación.

Es por ello que se considera que para el funcionamiento de este programa experimental y de promoción del servicio de mediación familiar intrajudicial en Pontevedra resulta conveniente la colaboración con el Colegio de Abogados de Pontevedra y el Colegio Oficial de Psicología de Galicia, dado que estas instituciones disponen de los medios suficientes para desarrollar adecuadamente el programa.

Por todo lo expuesto, las partes acuerdan firmar el presente convenio de colaboración con base en las siguientes

CLÁUSULAS:

Primera. Objeto del convenio.

El objeto del presente convenio es establecer las



Xacobeo 2021

recursos dos que dispón cada parte e do seu funcionamento, axilizando ademais a súa xestión. Todo isto redunda nun mellor aproveitamento tanto dos servizos xudiciais coma dos das fiscalías en relación coa mediación e cos restantes instrumentos de resolución pacífica de conflitos, contribuíndo a unha maior difusión e ao seu máis amplo coñecemento por parte da cidadanía.

Décimo. Para dotar da maior eficacia o proceso de mediación, considérase que se debe constituír un equipo multidisciplinar de mediación no que se integren, por unha banda, xuristas que lles expliquen ás partes a lexislación aplicable á súa relación e, ao mesmo tempo, as necesidades e particularidades do proceso, orientándoas para chegaren a un acordo que poida ser validado dentro do proceso civil ao que se deberán enfrentar; e, por outra banda, psicólogos que poidan resolver os problemas de achegamento e enfoque das partes en conflito, con vistas a acadar o clima necesario para a negociación.

É por isto que se considera que para o funcionamento deste programa experimental e de promoción do servizo de mediación familiar intraxudicial en Pontevedra resulta conveniente a colaboración co Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dado que estas institucións dispoñen dos medios suficientes para desenvolver axeitadamente o programa.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as





condiciones por las que se regirá la colaboración entre el Consejo General del Poder Judicial, la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, el Ministerio Fiscal, el Colegio de Abogados de Pontevedra y el Colegio Oficial de Psicología de Galicia, para la promoción del servicio de mediación a través del desarrollo de un programa experimental de mediación familiar intrajudicial gratuita en Pontevedra, que podrá extender sus servicios a los partidos judiciales limítrofes en función de la disponibilidad de los mediadores, a cuyo efecto se procederá a la constitución de un equipo permanente de mediación, dependiente del Colegio de Abogados de Pontevedra y del Colegio Oficial de Psicología de Galicia, compuesto por un psicólogo y un jurista habilitados e inscritos en el Registro de Mediadores Familiares (así como de los respectivos suplentes para supuestos de incompatibilidad e incapacidad).

Segunda. Obligaciones de los beneficiarios.

El Colegio de Abogados de Pontevedra y el Colegio Oficial de Psicología de Galicia se comprometen a:

1. Realizar las actividades previstas en el proyecto que se recoge en el anexo de este convenio. La dotación de personal dedicada a estos fines estará sometida a las directrices del Colegio de Abogados de Pontevedra y del Colegio Oficial de Psicología de Galicia, respectivamente, y dicho personal no tendrá relación laboral con la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia.

2. Destinar los fondos percibidos a la financiación de los gastos necesarios para llevar a cabo las actuaciones referidas en la cláusula primera.

3. Aportar a la Administración autonómica, cuando les sea solicitada, información sobre las actividades realizadas.

condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal, o Colexio de Avogados de Pontevedra e mais o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para a promoción do servizo de mediación a través do desenvolvemento dun programa experimental de mediación familiar intraxudicial gratuíta en Pontevedra, que poderá estender os seus servizos aos partidos xudiciais limítrofes en función da dispoñibilidade dos mediadores, para cuxo efecto se procederá á constitución dun equipo permanente de mediación, dependente do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, composto por un psicólogo e un xurista habilitados e inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares (así como dos respectivos suplentes para supostos de incompatibilidade e incapacidade).

Segunda. Obrigas dos beneficiarios.

O Colexio de Avogados de Pontevedra e mais o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométense a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle no anexo deste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices do Colexio de Avogados de Pontevedra e mais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, respectivamente, e o dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.

3. Achegar á Administración autonómica, cando lles sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.





4. Consentir expresamente la inclusión de los datos relevantes de este convenio en los registros públicos que proceda, de conformidad con la disposición adicional del Decreto 132/2006, de 27 de julio, por el que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, de 29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006, y con el artículo 16 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

5. Dar adecuada publicidad al carácter público de la financiación de las actuaciones objeto del presente convenio, cumplir todas las condiciones y obligaciones recogidas en él y someterse a las actuaciones de supervisión y control previstas en el mismo, así como observar las demás obligaciones exigidas en el artículo 11 de la Ley 9/2007, de 13 de junio.

6. Este convenio será objeto de publicación, de acuerdo con lo previsto en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno de la Administración pública gallega. Asimismo, se incluirá en el Registro Público de Ayudas, Subvenciones y Convenios, de conformidad con el Decreto 132/2006, de 27 de julio, por el que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, de 29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006, y con el artículo 16 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

7. Manifestar su consentimiento, junto con el resto de partes firmantes, para que los datos personales que constan en este convenio, así como el resto de las especificaciones contenidas en el mismo, puedan ser publicados en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.

8. Prestar la colaboración y facilitar cuanta documentación les sea requerida en el ejercicio de las funciones de control que les corresponden a la

4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Manifestar o seu consentimento, xunto co resto de partes asinantes, para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

8. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lles corresponden á Intervención





Intervención General de la Comunidad Autónoma y al Consejo de Cuentas.

9. En materia de protección de datos, cumplir, junto con el resto de partes firmantes, con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), y con las demás disposiciones vigentes sobre la materia. Esta obligación subsistirá aun cuando finalice su colaboración con la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia.

Tercera. Protocolo de actuación.

a) *Actuación de los fiscales y de los juzgados de primera instancia implicados en el programa:*

La mediación intrajudicial en los procesos de familia se realizará de conformidad con lo dispuesto en el protocolo de derivación anexo al presente convenio.

Los jueces de familia y los fiscales podrán, si así lo estiman oportuno, evaluar los casos concretos en los que, por sus características específicas, resulta recomendable intentar un proceso de mediación, y en estos supuestos, informar a las partes acerca de la existencia de este servicio de mediación y de las posibilidades que les ofrece, recomendando la asistencia a, al menos, una sesión informativa previa.

En caso de que las partes acepten la mediación, el juzgado, de acuerdo con el protocolo de derivación mencionado, fijará la fecha para la primera reunión con el equipo de mediación, reunión que tendría los efectos señalados en el artículo 13 de la Ley 4/2001, de 31 de mayo, reguladora de la mediación familiar.

A tal efecto se deberán arbitrar los medios necesarios que permitan garantizar la inmediata

Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

9. En materia de protección de datos, cumprir, xunto co resto de partes asinantes, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia. Esta obriga subsistirá mesmo que finalice a súa colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Terceira. Protocolo de actuación.

a) *Actuación dos fiscais e dos xulgados de primeira instancia implicados no programa:*

A mediación intraxudicial nos procesos de familia realizarase de conformidade co disposto no protocolo de derivación anexo ao presente convenio.

Os xuíces de familia e mais os fiscais poderán, se así o estiman oportuno, avaliar os casos concretos nos que, polas súas características específicas, resulta recomendable intentar un proceso de mediación, e nestes supostos, informar ás partes acerca da existencia deste servizo de mediación e das posibilidades que lles ofrece, recomendando a asistencia a, tan sequera, unha sesión informativa previa.

No caso de que as partes acepten a mediación, o xulgado, de acordo co protocolo de derivación mencionado, fixará a data para a primeira xuntanza co equipo de mediación, xuntanza que terá os efectos sinalados no artigo 13 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Para tal efecto deberán aparellarse os medios necesarios que permitan garantir a inmediata citación





citación de las personas interesadas, así como valorar la utilidad de crear agendas únicas informáticas de uso compartido entre las oficinas de los juzgados y el equipo de mediación. Subsidiariamente se dispondrá la más inmediata comunicación telefónica o mediante fax.

Los letrados de las partes podrán asistir al inicio de esta reunión informativa con el objeto de recibir del equipo de mediación toda la información que precisen y de que se aclare cualquier duda sobre el desarrollo del proceso.

El juzgado, tal y como se indica en el referido protocolo de derivación, remitirá al equipo de mediación toda la información necesaria para el desarrollo adecuado de la mediación: identificación del juzgado, número de los autos, tipo de procedimiento, identificación de las personas participantes y teléfonos de contacto, número de hijos y edades, así como información sobre la suspensión o no del proceso judicial iniciado.

b) Actuación del Colegio de Abogados de Pontevedra:

El Colegio de Abogados de Pontevedra designará, de entre sus colegiados inscritos en el Registro de Mediadores Familiares, las personas integrantes (tanto titulares como suplentes) del equipo de mediación intrajudicial, seleccionando aquellas personas que por su formación específica y experiencia se consideren más idóneas para el desarrollo de este proyecto, tras la correspondiente aceptación de estas. A tal fin se realizará una convocatoria de selección acorde con unos criterios que se definirán en la misma.

c) Actuación del Colegio Oficial de Psicología de Galicia:

El Colegio Oficial de Psicología de Galicia designará, de entre los psicólogos inscritos en el Registro de Mediadores Familiares, las personas integrantes (tanto titulares como suplentes) del equipo de mediación

das persoas interesadas, así como valorarse a utilidade de crear axendas únicas informáticas de uso compartido entre as oficinas dos xulgados e o equipo de mediación. Subsidiariamente disporase a máis inmediata comunicación telefónica ou mediante fax.

Os letrados das partes poderán asistir ao inicio desta xuntanza informativa co obxecto de recibir do equipo de mediación toda a información que precisen e de que se clarexe calquera dúbida sobre o desenvolvemento do proceso.

O xulgado, tal e como se indica no antedito protocolo de derivación, remitiralle ao equipo de mediación toda a información necesaria para o desenvolvemento axeitado da mediación: identificación do xulgado, número dos autos, tipo de procedemento, identificación das persoas participantes e teléfonos de contacto, número de fillos e idades, así como información sobre a suspensión ou non do proceso xudicial iniciado.

b) Actuación do Colexio de Avogados de Pontevedra:

O Colexio de Avogados de Pontevedra designará, de entre os seus colexiados inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares, as persoas integrantes (tanto titulares coma suplentes) do equipo de mediación intraxudicial, seleccionando aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o desenvolvemento deste proxecto, tras a correspondente aceptación destas. A tal fin realizarase unha convocatoria de selección acorde cuns criterios que se definirán na mesma.

c) Actuación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia designará, de entre os psicólogos inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares, as persoas integrantes (tanto titulares coma suplentes) do equipo de mediación intraxudicial que se





intrajudicial que se va a constituir de modo experimental, seleccionando aquellas personas que por su formación específica y experiencia se consideren más idóneas para el desarrollo de este proyecto, tras la correspondiente aceptación de estas. A tal fin se realizará una convocatoria de selección acorde con unos criterios que se definirán en la misma.

El Colegio Oficial de Psicología de Galicia y el Colegio de Abogados de Pontevedra, en la formalización de la prestación con las personas seleccionadas, harán constar expresamente el necesario cumplimiento de lo establecido en las cláusulas del presente convenio en lo que se refiere a los horarios, honorarios y duración del proceso de mediación, a los principios esenciales del proceso, a las incompatibilidades de los profesionales, a los compromisos de estos y a las causas de su baja como integrantes del equipo de mediación.

La prestación profesional contratada administrativamente con arreglo a la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público, no genera derechos ni expectativas de incorporación al Colegio Oficial de Psicología de Galicia, ni al Colegio de Abogados de Pontevedra, de los profesionales seleccionados, que limitarán su actuación a las prescripciones técnicas del contrato de servicio en el ámbito temporal previsto en este convenio.

La suscripción del presente convenio no comporta relación laboral, contractual o de cualquier otro tipo entre los profesionales que vayan a desarrollar las actividades y la Xunta de Galicia.

d) Actuación del Consejo General del Poder Judicial:

- Impulsar la mediación intrajudicial entre los jueces y magistrados, contribuyendo al fomento de la cultura de la mediación y dotándolos al efecto de herramientas en el ejercicio de su labor jurisdiccional.

- Remover obstáculos en aras de posibilitar la colaboración institucional o corporativa precisa para la

vai constituír de modo experimental, seleccionando aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o desenvolvemento deste proxecto, tras a correspondente aceptación destas. A tal fin realizarase unha convocatoria de selección acorde cuns criterios que se definirán na mesma.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Pontevedra, na formalización da prestación coas persoas seleccionadas, farán constar expresamente o necesario cumprimento do establecido nas cláusulas do presente convenio no que se refire aos horarios, honorarios e duración do proceso de mediación, aos principios esenciais do proceso, ás incompatibilidades dos profesionais, aos compromisos destes e ás causas da súa baixa como integrantes do equipo de mediación.

A prestación profesional contratada administrativamente consonte a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non xera dereitos nin expectativas de incorporación ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin ao Colexio de Avogados de Pontevedra dos profesionais seleccionados, que limitarán a súa actuación ás prescricións técnicas do contrato de servizo no ámbito temporal previsto neste convenio.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia.

d) Actuación do Consello Xeral do Poder Xudicial:

- Impulsar a mediación intraxudicial entre os xuíces e maxistrados, contribuíndo ao fomento da cultura da mediación e dotándoos para o efecto de ferramentas no exercicio do seu labor xurisdiccional.

- Remover obstáculos en prol de posibilitar a colaboración institucional ou corporativa precisa para a





puesta en marcha de la iniciativa.

- Analizar el resultado de la actividad mediadora e incluir los datos recabados en la información relativa a la mediación intrajudicial que se lleva a cabo en todo el territorio español y que publica anualmente el Consejo General del Poder Judicial en la extranet de su web.

- Velar para que la mediación que se desarrolle en los juzgados sea de calidad.

Cuarta. Horarios, honorarios y duración del proceso de mediación.

El equipo de mediación desarrollará su labor, en horario de mañana y tarde, durante dos días a la semana en la ciudad de Pontevedra, y recibirá por parte del Colegio de Abogados de Pontevedra y del Colegio de Psicología de Galicia una retribución mensual a tanto alzado, con independencia del número de procesos de mediación atendidos.

Al objeto de conseguir la mayor eficacia, se establece una duración no superior a un mes para el proceso de mediación, que se computará desde la celebración de la primera reunión con el equipo de mediación una vez aceptada esta, sin perjuicio de la posibilidad de prórroga previa petición del equipo de mediación, y de forma justificada, por un mes más.

Excepcionalmente se podrá establecer una prórroga por un plazo superior cuando se justifique debidamente, y sin que en ningún caso se superen los tres meses de duración, tal y como se recoge en el artículo 14 de la Ley 4/2001, de 31 de mayo, reguladora de la mediación familiar.

Quinta. Principios esenciales del proceso de mediación.

- **Voluntariedad.**- Se respetará en todo caso el principio de voluntariedad en la aceptación del proceso de mediación.

- **Confidencialidad.**- La información que se utilice en

posta en marcha da iniciativa.

- Analizar o resultado da actividade mediadora e incluír os datos recadados na información relativa á mediación intraxudicial que se leva a cabo en todo o territorio español e que publica anualmente o Consello Xeral do Poder Xudicial na extranet da súa web.

- Velar para que a mediación que se desenvolva nos xulgados sexa de calidade.

Cuarta. Horarios, honorarios e duración do proceso de mediación.

O equipo de mediación desenvolverá o seu labor, en horario de mañá e tarde, durante dous días á semana na cidade de Pontevedra, e recibirá por parte do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio de Psicoloxía de Galicia unha retribución mensual por un montante fixo, con independencia do número de procesos de mediación atendidos.

Co obxecto de conseguir a maior eficacia, establécese unha duración non superior a un mes para o proceso de mediación, que se computará dende a celebración da primeira xuntanza co equipo de mediación unha vez aceptada esta, sen prexuízo da posibilidade de prórroga tras pedimento do equipo de mediación, e de forma xustificada, por un mes máis.

Excepcionalmente poderase establecer unha prórroga por un prazo superior cando se xustifique debidamente, e sen que en ningún caso se superen os tres meses de duración, tal e como se recolle no artigo 14 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Quinta. Principios esenciais do proceso de mediación.

- **Voluntariedade.**- Respetarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

- **Confidencialidade.**- A información que se utilice no





el procedimiento de mediación permanecerá reservada, y únicamente se informará sobre la consecución o no de un acuerdo. En el caso de que la mediación no continúe por desistir alguna de las partes, únicamente se informará al juez de este hecho, que carecerá de toda incidencia en el enjuiciamiento posterior. En todo caso el equipo de mediación está obligado a informar al juez y al Ministerio Fiscal de los datos que pudiesen revelar la existencia de una amenaza para la vida o la integridad física o psíquica de alguna persona, o de cualquier hecho delictivo.

- **Igualdad de las partes.**- Se garantizará la plena igualdad y libertad de las partes, interrumpiéndose la mediación cuando se advierta la existencia de cualquier indicio de violencia o de intimidación, o cualquier otra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acuerdos.**- El acuerdo total o parcial alcanzado, en su caso, en el proceso de mediación será comunicado al juzgado por el equipo de mediación, que entregará a las partes el acuerdo de mediación (total o parcial) y acreditará este punto al juzgado a efectos de constancia y respetando el principio de confidencialidad, retomándose el proceso con los efectos que correspondan a efectos de su homologación.

- Y los demás establecidos en el título II de la Ley 5/2012, de 6 de julio, de mediación en asuntos civiles y mercantiles.

Sexta. Formación y capacitación de los profesionales.

El Colegio de Abogados de Pontevedra y el Colegio Oficial de Psicología de Galicia garantizarán la formación y capacitación de los mediadores y ejercerán el control y supervisión de la actividad incluso a través de la responsabilidad disciplinaria, conforme a la legislación en la materia. A su vez, se comprometen a impartir cursos y seminarios para conseguir suficientes

procedemento de mediación permanecerá reservada, e unicamente se informará sobre a consecución ou non dun acordo. No caso de que a mediación non continúe por desistir algunha das partes, unicamente se informará ao xuíz deste feito, que carecerá de toda incidencia no axuizamento posterior. En todo caso o equipo de mediación está obrigado a informar ao xuíz e mais ao Ministerio Fiscal dos datos que puideran revelar a existencia dunha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha persoa, ou de calquera feito delituoso.

- **Igualdade das partes.**- Garantirase a plena igualdade e liberdade das partes, interrompéndose a mediación cando se advirta a existencia de calquera indicio de violencia ou de intimidación, ou calquera outra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acordos.**- O acordo total ou parcial acadado, se for o caso, no proceso de mediación seralle comunicado ao xulgado polo equipo de mediación, que lles entregará ás partes o acordo de mediación (total ou parcial) e acreditará este punto ao xulgado para efectos de constancia e respectando o principio de confidencialidade, retomándose o proceso cos efectos que correspondan para efectos da súa homologación.

- E os demais establecidos no título II da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Sexta. Formación e capacitación dos profesionais.

O Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia garantirán a formación e capacitación dos mediadores e exercerán o control e supervisión da actividade incluso a través da responsabilidade disciplinaria, conforme a lexislación na materia. Á súa vez, comprométense a impartir cursos e seminarios para conseguir suficientes profesionais





profesionales formados en mediación familiar, así como a impulsar la investigación en el ámbito del estudio de la mediación y la gestión de conflictos de cara al avance del conocimiento en este ámbito.

Séptima. Importe y condiciones de pago.

1. Con el fin de financiar los gastos relativos al nombramiento del mediador por parte del Colegio de Abogados de Pontevedra y del Colegio Oficial de Psicología de Galicia, la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, a través de los presupuestos de la Dirección General de Justicia, aportará con cargo a la aplicación presupuestaria 05.22.131A.481.0 de los presupuestos de gastos para 2019 un importe máximo de CUARENTA MIL EUROS (40.000,00 €), desglosado del siguiente modo:

- 20.000,00 € para el abono al Colegio de Abogados de Pontevedra.
- 20.000,00 € para el abono al Colegio Oficial de Psicología de Galicia.

2. La Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia hará el pago al Colegio Oficial de Psicología de Galicia y al Colegio de Abogados de Pontevedra una vez que estos presenten la siguiente documentación justificativa:

- Certificación de la Intervención o del órgano que tenga atribuidas las facultades de control de la toma de razón en contabilidad y del cumplimiento de la finalidad para la que fue concedida la subvención, de acuerdo con lo establecido en el artículo 28.5 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.
- Declaración del conjunto de ayudas solicitadas –tanto de las aprobadas o concedidas como de las pendientes de resolución– para el mismo proyecto a las administraciones públicas

formados en mediación familiar, así como impulsar a investigación no ámbito do estudo da mediación e a xestión de conflitos con vistas ao avance do coñecemento neste ámbito.

Sétima. Importe e condicións de pagamento.

1. Co fin de financiar os gastos relativos ao nomeamento do mediador por parte do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza, achegará con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos de gastos para 2019, un importe máximo de CORENTA MIL EUROS (40.000 €), desagregado do seguinte xeito:

- 20.000 € para o aboamento ao Colexio de Avogados de Pontevedra.
- 20.000 € para o aboamento ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

2. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza faralles o pagamento ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e mais ao Colexio de Avogados de Pontevedra unha vez que estes presenten a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas





competentes o a sus entidades vinculadas o dependientes, así como a los entes privados.

- Declaración responsable de hallarse al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social, así como de no tener ninguna deuda con la Administración pública de la Comunidad Autónoma.

- Cualquier otra documentación o material que el Colegio de Abogados de Pontevedra o el Colegio Oficial de Psicología de Galicia consideren necesario presentar para una mejor justificación de las actuaciones objeto del presente convenio.

El plazo límite para presentar dicha documentación justificativa se fija en el 30 de noviembre de 2019.

Octava. Gastos subvencionables.

Con carácter general, y de acuerdo con lo establecido en el artículo 29 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, se considerarán gastos subvencionables aquellos que de modo indudable respondan a la naturaleza de la actividad subvencionada y se realicen dentro del período comprendido entre el 1 de enero de 2019 y la fecha límite de justificación establecida en la cláusula séptima. En ningún caso el coste de adquisición de los gastos subvencionables podrá ser superior al valor de mercado.

Los costes indirectos –tales como dietas, viajes o consumibles– formarán parte de la justificación de la subvención, siempre que sean imputados por el colegio de abogados y de psicólogos a la actividad subvencionada y en todo caso en la medida en que tales costes correspondan al período en que efectivamente se realiza la actividad, y con fecha de justificación comprendida entre el 1 de enero de 2019 y

competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.

- Declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

